

III. OUTRAS DISPOSICIÓN S

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓ NS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 19 de agosto de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes da Resolución do 27 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 32, do 14 de febreiro de 2019, publicouse a Resolución do 27 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

No artigo 8 da devandita resolución establécese que o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de agosto de 2019, inclusive.

Próximo a rematar o prazo de presentación de solicitudes, e á vista de que aínda resta crédito nunha contía que permite atender un número superior de solicitudes, e co fin de garantir a maior eficacia posible das referidas axudas, considérase oportuno ampliar o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

Artigo 1

Ampliar ata o 30 de setembro de 2019, inclusive, o prazo de presentación de solicitudes previsto no artigo 8 da Resolución do 27 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2019

O secretario xeral da Emigración
P.S. (Decreto 76/2017, do 28 de xullo)
José Carlos García Bouzas

Subdirector xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno

